



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Cajide Hervés, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os usos de vida modernos converteron xa hai anos a Internet e a outros sistemas avanzados de comunicación en ferramentas de grande utilidade para a cidadanía. Para algunhas persoas son xa imprescindibles e, de feito, constitúen un valor fundamental para calibrar o nivel de desenvolvemento dos países e a calidade de vida dos seus habitantes.

O aforro de tempo, a dispoñibilidade horaria, a posibilidade de achegarse virtualmente ás institucións públicas sen necesidade de trasladar papeis ou mesmo obter información necesaria que está en mans dos concellos. Son case incontables as vantaxes da e - administración. De aí que as cifras sobre o uso das telecomunicacións, os niveis de conectividade e a formación medren de continuo nos organismos locais, segundo os datos do Observatorio de Calidade da e – administración en Galicia.


Pese a estes avances, os servizos ofertados polas administracións locais á cidadanía son aínda escasos. Unha consulta ao Galimap reflexa á perfección cal é a situación e os escasos recursos dos que dispoñen os galegos e galegas para solventar trámites por computador.

Obter licencias de obras a través da rede, conseguir certificados ou comunicar un cambio de domicilio por vía dixital son facilidades que simplifican en boa medida a vida dos veciños e veciñas.

Por todo o anteriormente exposto, a deputada que asina formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Cal é a resposta do Goberno galego para impulsar a administración electrónica nos concellos?



 Grupo Parlamentario

2.- Que apoio recibiron os concellos nos últimos catro anos para fomentar a administración electrónica?

3.- Cales son as previsións de futuro ao respecto?

4.- Cal é o nivel de implantación en Galicia da e – administración con respecto ao resto de España?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2008

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 30/04/2008 14:11:01